

**MYXOMYCOTA DAS GÁNDARAS DE BUDIÑO  
(PONTEVEDRA, N.O. PENÍNSULA IBÉRICA) I**

por  
O. REQUEJO<sup>1</sup> & N.F. ANDRÉS RODRÍGUEZ<sup>2</sup>

REQUEJO, O. & ANDRÉS RODRÍGUEZ, N.F. 2017. *Myxomycota* das Gándaras de Budiño (Pontevedra, N.O. Península Ibérica) I. *Mykes* 20: 39-60.

**Resumo**

Neste traballo preséntanse 26 taxons de *Myxomycetes* atopados en diversas mostraxes nas Gándaras de Budiño, no sur da provincia de Pontevedra, un ecosistema húmido de alto valor ecolóxico formado polo río Louro, afluente do Miño. *Badhamia viridescens* e *Hemitrichia clavata* son novas citas para Galiza.

**Palabras clave:** Amoebozoa, *Myxomycetes*, taxonomía, distribución, Galiza.

REQUEJO, O. & ANDRÉS RODRÍGUEZ, N.F. 2017. *Myxomycota* from Gándaras de Budiño (Pontevedra, NW Iberian Peninsula) I. *Mykes* 20: 39-60.

**Summary**

In this work, we present 26 taxa of slime molds found in several sampling in Gándaras Budiño, in the southern province of Pontevedra, a humid ecosystem of high ecological value, made by Louro River, a tributary of the Miño River. *Badhamia viridescens* and *Hemitrichia clavata* are new appointments to Galicia.

**Keywords:** Amoebozoa, *Myxomycetes*, taxonomy, distribution, Galicia.

**INTRODUCCIÓN**

O Espazo natural das Gándaras de Budiño ocupa unha superficie de máis de 70 ha ao longo do val do río Louro, afluente do Miño, ao seu paso polos concellos de O Porriño, Salceda de Caselas e Tui, no sur da provincia de Pontevedra (N.O. Península Ibérica) formando un

---

<sup>1</sup>San Xurxo, A Laxe 12b, Salceda de Caselas. E-36470, Pontevedra; e-mail: [oscarequejo@hotmail.com](mailto:oscarequejo@hotmail.com)

<sup>2</sup>Cánovas del Castillo, 1, Vigo. E-36202, Pontevedra; e-mail: [fandresr@redfarma.org](mailto:fandresr@redfarma.org)

Membros do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire

complexo de lagoas, turbeiras, brañas e bosque de ribeira. Esta zona pode encadrarse bioxeograficamente na rexión Eurosiberiana, provincia Astur-galaica, subsector Miñense. Trátase dun espazo pertencente á Rede Natura 2000 dende o ano 2004 (Directiva 92/43/CEE do Consello de Europa, do 21 de maio de 1992) como «Lugar de Importancia Comunitaria» (LIC, DOCE L 387 do 29 de decembro de 2004) e recentemente declarouse «Zona de Especial Conservación» (ZEC, Decreto 37/2014, do 27 de marzo).

A necesidade de coñecer e protexer a biodiversidade e a riqueza natural das zonas húmidas é indubidable, ben pola súa labor na xestión hídrica da zona ou como leito de exclusivas comunidades de seres vivos (PÉREZ-BILBAO & GARRIDO, 2009). A súa rica flora e fauna, ponse de manifesto en diversos traballos (BÁRCENA, 1978; SILVA-PANDO *et al.* 1987; JÖDICKE, 1996; PÉREZ-BILBAO, 2010; GALÁN *et al.* 2010; REQUEJO & CASTRO, 2017), sen embargo non se atopan publicacións nin outras referencias no eido dos *Myxomycetes*, sendo o presente traballo un punto de partida para aumentar o coñecemento de outro dos valores naturais deste enclave.

## **METODOLOXÍA**

Os exemplares recolléronse de acordo cos procedementos habituais en traballos con mixomicetos e macrofungos, seguindo a sistemática do traballo de REQUEJO & CASTRO (2017), seguindo este mesmo traballo seleccionáronse as zonas de mostraxe [Fig. 1-4].

Posteriormente deshidratáronse as mostras e se etiquetaron cos datos tomados no campo. As *exsiccata* consérvanse no herbario LOU-Fungi (Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán, Pontevedra).

Para as observacións microscópicas empregouse auga ou hidróxido potásico ao 10% para hidratar o material e vermello congo en solución amoniacal ou reactivo Melzer no caso de que fose necesario tinxir as mostras. Se utilizou un microscopio estereoscópico Nikon SMZ745T para observacións macro, e para a microscopía un Nikon E100 con obxectivos de 40x e 100x e oculares de 10x. As capturas de imaxes e as medicións das estruturas máis relevantes fixéronse co programa ProgRes® CapturePro 2.7 asociado a unha cámara dixital Jenoptic CT3. Para cada especie se mediron entre 60 e 120 esporas dependendo da súa variabilidade.




Fig. 1. Puntos das mostraxes e localización da ZEC en Galicia. 1. Barreiras de Centeáns, O Porriño; 2. Barreira «A Granxa» Sur (O Porriño); 3. Observatorio ornitolóxico – Laguna de Orbenlle (O Porriño); 4. Os Eidos (O Porriño); 5. Desembocadura do río Becerreira (Salceda de Caselas); 6. Ameneiral de Albelos (Salceda de Caselas/Tui); 7. Turbeiras de Albelos (Tui); 8. Lugar de Albelos (Tui); 9. Ponte Carneiro (Salceda de Caselas); 10. Ponte das Febres (Tui). Extraído de REQUEJO & CASTRO (2017).



Fig. 2. Turbeira de Albelos.



Fig. 3. Ameneiral de Albelos.



Fig. 4. Bosque aluvial inundado en Ponte das Febres.

Na identificación das especies utilizouse bibliografía especializada como MARTIN & ALEXOPOULOS (1969), NANNENGA-BREMEKAMP (1991), NEUBERT *et al.*, (1993, 1995, 2000), LADO & PANDO (1997), STEPHENSON (2003), POULAIN *et al.* (2011).

#### CATÁLOGO DE ESPECIES

A continuación preséntase o catálogo das especies identificadas, ordenadas todas elas alfabeticamente polo rango da orde. Para cada taxon, apórtanse os datos do material estudado, coa zona de recollida, hábitat, data e *legit.* Tamén se engaden breves comentarios, se é unha especie que o require, e notas sobre a súa distribución en Galicia, consultada na recente publicación de RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO (2016).

#### *Ceratiomyxales*

***Ceratiomyxa fruticulosa* (O.F. Müll.) T. Macbr., N.Amer. Slime-moulds:**  
18. 1899 [Fig. 5]

Material estudado: O Porriño, Budiño, Orbenlle, Os Eidos, 29TNG3022, 30 m, sobre madeira de *Pinus pinaster*, 10-V-2015, O. Requejo, LOU-Fungi 20691. O Porriño, Budiño, Orbenlle, observatorios ornitolóxicos, 29TNG3061, 22 m, sobre madeira de *Pinus pinaster*, O. Requejo, LOU-



Fig. 5. *Ceratiomyxa fruticulosa* (Fotografía Julio Valeiras).

Fungi 20692.

Observacións: Taxon amplamente distribuído por toda Galicia.

### ***Echinosteliales***

***Clastoderma debaryanum* A. Blytt**, *Bot. Zeitung (Berlin)*, 38: 343. 1880

[Fig. 6]

Material estudado: Tui, Guillarei, Albelos, 29TNG3043, 13 m, sobre madeira de *Quercus robur*, 30-IV-2016, N.F. Andrés Rodríguez, LOU-Fungi 20689.

Observacións: Outra especie próxima que tamén presenta engrosamento no centro ou terzo superior do estipe é *Clastoderma dictyosporum* con esporas máis pequenas.

Non se atoparon referencias bibliográficas anteriores para a provincia de Pontevedra, para Galicia existe una mención para a provincia da Coruña.

### ***Liceales***

***Cribraria vulgaris* Schrad.**, *Nov. Gen. Pl. [Schrader]*: 6. 1797 [Fig. 7]

Material estudado: O Porriño, Budiño, Orbenlle, Os Eidos, 29TNG3022,



Fig. 6. *Clastoderma debaryanum*



Fig. 7. *Cribraria vulgaris*

30 m, sobre madeira de *Pinus pinaster*, 10-V-2015, C.Ayres, LOU-Fungi 20690.

Observacións: Amplamente distribuído en toda Galicia.

***Lycogala epidendrum* (J.C. Buxb. ex L.) Fr., Syst. mycol., 3(1): 80. 1829**

Material estudado: Tui, Guillarei, Barreras de Albelos, 29TNG3028, 25 m, sobre cortizo sen identificar, 27-III-2011, O. Requejo, LOU-Fungi 20901. O Porriño, Budiño, Orbenlle, piñeir de Crisanto, 29TNG3019, 32 m, sobre madeira de *Pinus pinaster*, 10-V-2015, J. Valeiras e N.F. Andrés Rodríguez, LOU-Fungi 20902. Tui, Guillarei, Albelos, 29TNG3043, 13 m, sobre madeira de *Alnus glutinosa*, 30-IV-2016, J. Valeiras e O. Requejo, LOU-Fungi 20905.

Observacións: Común na zona de estudo así como en toda Galicia.

***Reticularia lycoperdon* Bull., Herb. France, 10: pl. 446. 1790**

Material estudado: O Porriño, Budiño, Orbenlle, Os Eidos, 29TNG3022, 30 m, sobre tronco de *Quercus robur*, 10-II-2014, O. Requejo, LOU-Fungi 20903. Tui, Rebordáns, Ponte das Febres, 29TNG2996, 21 m, sobre *Salix atrocinerea*, 4-IV-2017, O. Requejo, LOU-Fungi 20904.

Observacións: Especie apenas referenciada nas provincias da Coruña e Pontevedra.



Fig. 8. *Badhamia utricularis*



### **Physarales**

***Badhamia utricularis* (Bull.) Berk.**, *Proc. Linn. Soc. London*, 2: 199. 1852

[Fig. 8]

Material estudado: O Porriño, Budiño, Orbenlle, observatorios ornitolóxicos, 29TNG3061, 22 m, sobre madeira de *Quercus robur* con musgos, 5-XI-2016, J. Tizón e O. Requejo, LOU-Fungi 20906.

Observacións: Característico o seu crecemento en grandes grupos formando acios con longos pes amarelos.

Parece ser unha especie común na Península Ibérica (MORENO *et al.*, 2001), en Galicia aparece moi pouco citada.

***Badhamia viridescens* Meyl.**, *Diagn. Mycoth. Univ. Cent.*, 53: 452 (1921)

[Fig. 9-10]

Material estudado: O Porriño, Budiño, Orbenlle, observatorios ornitolóxicos, 29TNG3061, 22 m, sobre madeira de *Salix atrocinerea*, 20-IX-2013, O. Requejo, LOU-Fungi 20907. Tui, Guillarei, Albelos, 29TNG3043, 13 m, sobre madeira de *Salix atrocinerea*, 8-VII-2017, O. Requejo, LOU-Fungi 20954.

Observacións: BAUMANN *et al.* (1995) sinalan a posible confusión con *Craterium aureum*, mais a forma redondeada do esporocarpo, o pé máis curto e as esporas máis grandes permítennos identificar a nosa mostra como *B. viridescens*.

A pesar das dúas recoleccións en áreas relativamente próximas, na literatura non se atoparon referencias para a Península Ibérica (LADO, 1991; HERNÁNDEZ-CRESPO, 2006), ademais está escasamente xeoreferenciada en GBIF, nº 214268, con poucas citas en Centroeuropa, unha nas illas británicas e outra en Norteamérica (GBIF en liña).

***Diderma hemisphaericum* (Bull.) Hornem.**, *Fl. dan.*, 12(33): 13. 1829

Material estudado: Tui, Guillarei, Veigas do Louro, 29TNG3048, 12 m, sobre madeira de *Fraxinus excelsior*, 27-XII-2016, J. Valeiras, LOU-Fungi 20908.

Observacións: Apenas reseñado para Galicia, unicamente na Coruña e Pontevedra.

***Didymium difforme* (Pers.) Gray**, *Nat. Arr. Brit. Pl.*, 1: 571. 1821

Material estudado: O Porriño, Budiño, Orbenlle, observatorios ornitolóxicos, 29TNG3061, 22 m, sobre follas de *Salix atrocinerea*, 10-XII-2013, O. Requejo, LOU-Fungi 20909.

Observacións: Apenas referenciado para Galicia, unicamente na Coruña e Pontevedra.



Fig. 9. *Badhamia viridescens*

Fig. 10. *Badhamia viridescens*, un exemplar mostrando o capilicio.



***Didymium verrucosporum* A.L. Welden**, *Mycologia*, 46(1):98. 1954  
Material estudado: O Porriño, Budiño, Orbenlle, observatorios ornitolóxicos, 29TNG3061, 22 m, sobre follas secas de *Typha latifolia*, 18-VII-2013, O. Requejo, LOU-Fungi 20913.  
Observacións: Amplamente distribuído en Galicia.

***Fuligo septica* (L.) F.H. Wigg.**, *Prim. Fl. Holsat.*: 112. 1780  
Material estudado: Tui, Ribadelouro, Ponte da Madalena, 29TNG2992, 26 m, sobre toco con musgos de árbore sen identificar, 6-VI-2015, O. Requejo, LOU-Fungi 20910.  
Observacións: Amplamente distribuído en Galicia

***Physarum leucophaeum* Fr. & Palmquist** *Symb. Gasteromyc.*, 3:24. 1818 [Fig. 11]  
Material estudado: Tui, Rebordáns, Ponte das Febres 29TNG2996, 21 m, en bosque de *Quercus robur*, *Salix atrocinerea*, *Alnus glutinosa*, 28-I-2017, O. Requejo, LOU-Fungi 20911. Ibídem, sobre madeira de *Alnus glutinosa*, N.F. Andrés Rodríguez e O. Requejo, LOU-Fungi 20914.  
Observacións: Moi común en toda a xeografía galega así como na zona de estudo.



Fig. 11. *Physarum leucophaeum*



Fig. 12. *Physarum robustum*



Fig. 13. *Diachea leucopodia*

***Physarum robustum* (Lister) Nann.-Bremek.**, *Proc. Kon. Ned. Akad. Wetensch., ser. C, Biol. Med. Sci.*, 76(5): 484. 1973 [Fig. 12]

Material estudado: Tui, Rebordáns, Ponte das Febres 29TNG2996, 21 m, sobre madeira e cortiza de *Quercus robur*, 28-I-2017, N.F. Andrés Rodríguez, LOU-Fungi 20915.

Observacións: Amplamente distribuído en Galicia.

### **Stemonitales**

***Diachea leucopodia* (Bull.) Rostaf.**, *Sluzowce Monogr.*: 190. 1874 [Fig. 13]

Material estudado: Tui, Rebordáns, Ponte das Febres 29TNG2996, 21 m, sobre *Hedera helix*, 27-XII-2014, O. Requejo, LOU-Fungi 20912. Salceda de Caselas, Cerquido, Ponte Carneiro, 29TNG3164, 35 m, sobre *Rubus* sp., 17-X-2016, O. Requejo, LOU-Fungi 20922.

Observacións: Amplamente distribuído en Galicia así como na zona de estudo.

***Stemonitis fusca* Roth**, *Bot. Mag.*, 1(2): 26. 1787 [Fig. 14]

Material estudado: O Porriño, Budiño, Orbenlle, Os Eidos, 29TNG3022, 30 m, sobre tocón de *Populus nigra*, 7-IX-2013, O. Requejo e P. Veiga, LOU-Fungi 20916. O Porriño, Budiño, Orbenlle, Os Eidos, 29TNG3022, 30 m, sobre cortizo de *Salix atrocinerea*, 10-V-2015, N.F. Andrés Rodríguez, LOU-Fungi 20917. O Porriño, Budiño, Orbenlle, observatorios ornitolóxicos, 29TNG3061, 22 m, sobre madeira de *Quercus robur*, 10-V-2015, O. Requejo e C. Ayres, LOU-Fungi 20921.

Observacións: Amplamente distribuído en Galicia, trátase da especie do xénero máis común na zona de estudo.

***Stemonitis splendens* Rostaf.**, *Sluzowce Monogr.*: 195. 1874 [Fig. 15]

Material estudado: Tui, Guillarei, Albelos, 29TNG3043, 13 m, sobre madeira sen identificar, 30-IV-2016, J. Valeiras e J. Tizón, LOU-Fungi 20920.

Observacións: Conta cun amplo número de citas en toda a xeografía galega.

***Stemonitopsis typhina* (F.H. Wigg.) Nann.-Bremek.**, *Ned. Myxomyc.*: 209. 1975 (1974) [Fig. 16]

Material estudado: O Porriño, Budiño, Orbenlle, observatorios ornitolóxicos, 29TNG3061, 22 m, sobre madeira de *Salix atrocinerea*, 4-VI-2014, O. Requejo, LOU-Fungi 20918.

Observacións: Non se atoparon mencións para a provincia de Pontevedra, en Galicia unicamente atopamos citas para Lugo e A Coruña.



Fig. 14. *Stemonitis fusca*



Fig. 15. *Stemonitis splendens*



Fig. 16. *Stemonitopsis typhina*



Fig. 17. *Arcyria cinerea*

### **Trichiales**

***Arcyria cinerea* (Bull.) Pers.**, *Syn. meth. fung.*, 1: 184. 1801 [Fig. 17]

Material estudado: O Porriño, Budiño, Orbenlle, observatorios ornitolóxicos, 29TNG3061, 22 m, sobre madeira de *Salix atrocinerea*, 28-IX-2013, O. Requejo, LOU-Fungi 20919. O Porriño, Budiño, Orbenlle, piñeiral de Crisanto, 29TNG3019, 32 m, sobre madeira de *Pinus pinaster*, 10-V-2015, J. Valeiras e N.F. Andrés Rodríguez, LOU-Fungi 20930.

Observacións: Común na zona de estudo e con presenza en todas as provincias galegas excepto Ourense.

***Arcyria denudata* (L.) Wettst.**, *Verh. K.K. Zool.-Bot. Ges. Wien*, 35: 353. 1886 [Fig. 18]

Material estudado: Tui, Guillarei, turbeira de Albelos, 29TNG3036, 20 m, sobre tronco de *Alnus glutinosa*, 29-VIII-2016, O. Requejo, LOU-Fungi 20923.

Observacións: En Galicia unicamente atopamos anotacións para A Coruña e Pontevedra.

***Arcyria incarnata* (Pers.) Pers.**, *Observ. mycol.*, 1: 58. 1796 [Fig. 19]

Material estudado: O Porriño, Budiño, Orbenlle, observatorios ornitolóxicos, 29TNG3061, 22 m, sobre madeira de *Salix atrocinerea*, 28-



Fig. 18. *Arcyria denudata*



IX-2013, *O. Requejo*, LOU-Fungi 20924. O Porriño, Budiño, Orbenlle, piñeiral de Crisanto, 29TNG3019, 32 m, sobre pola de *Quercus robur*, 10-V-2015, *C. Ayres*, LOU-Fungi 20925. Tui, Guillarei, Albelos, 29TNG3043, 13 m, sobre madeira sen identificar, 30-IV-2016, *N.F. Andrés Rodríguez*, LOU-Fungi 20929. Tui, Guillarei, A Gándara, 29TNG3010, 32 m, sobre *Trametes* sp., 11-II-2017, *J. Tizón*, LOU-Fungi 20926.

Observacións: Na zona de estudo é a especie mellor representada do xénero *Arcyria*. En Galicia está citada en tódalas provincias excepto Ourense.

***Arcyria obvelata* (Oeder) Onsberg, *Mycologia*, 70(6): 1286. 1979**

Material estudado: Salceda de Caselas, desembocadura do río Becerreira, 29TNG3019, 20 m, sobre madeira de *Alnus glutinosa*, 31-VII-2015, *O. Requejo*, LOU-Fungi 20928.

Observacións: Especie pouco referenciada en Galicia, apenas conta con citas para A Coruña e Pontevedra.

***Hemitrichia calyculata* (Speg.) M.L. Farr, *Mycologia*, 66(5): 887. 1974**

[Fig. 20]

Material estudado: O Porriño, Budiño, Orbenlle, observatorios ornitolóxicos, 29TNG3061, 22 m, sobre madeira de *Alnus glutinosa*, 27-VI-2011, *O. Requejo*, LOU-Fungi 20927. Ibídem Sobre madeira sen identificar, 2-III-2012, *O. Requejo*, LOU-Fungi 20934. Tui, Guillarei, turbeira



Fig. 19. *Arcyria incarnata*



Fig. 20. *Hemitrichia calyculata*

de Albelos, 29TNG3036, 20 m, sobre madeira sen identificar, 29-VIII-2016, O. Requejo, LOU-Fungi 20931.

Observacións: Os traballos de LADO (1997) e HERNÁNDEZ-CRESPO (2006) apenas reflicten citas ibéricas, non obstante, non está considerada coma unha especie rara. Na zona de estudo atópase con frecuencia.

***Hemitrichia clavata* (Pers.) Rostaf. in Fuckel, *Jahrb. Nassauischen Vereins Naturk.*, 27-28:75. 1873 [Fig. 21]**

Material estudado: Tui, Rebordáns, Ponte das Febres 29TNG2996, 21 m, sobre madeira en descomposición, en bosque de *Salix atrocinerea*, *Quercus robur* e *Alnus glutinosa*, 28-I-2017, O. Requejo, LOU-Fungi 20935. Observacións: Especie moi próxima e similar a *Hemitrichia clavata*. O material estudado presentaba esporocarpos claviformes, coas medidas das esporas de 7,5-9  $\mu\text{m}$ , lixeiramente maiores que en *H. calyculata*, o que coincide co material ibérico do traballo de LADO (1997).

Trátase dunha primeira cita para Galicia, non obstante é un taxon común na Península Ibérica (LADO, 1997).

***Trichia botrytis* (J.F. Gmel.) Pers., *Neues Mag. Bot.*, 1:89. 1794**

Material estudado: O Porriño, Budiño, Orbenlle, observatorios ornitolóxicos, 29TNG3061, 22 m, sobre madeira sen identificar recuberta por *Bulbillomyces farinosus* (Bres.) Jülich, 2-III-2012, O. Requejo, LOU-Fungi 20957.



Fig. 21. *Hemitrichia clavata*

Observacións: Especie pouco referenciada en Galicia, apenas conta con referencias para A Coruña e Pontevedra.

***Trichia persimilis* P. Karst.**, *Not. Sällsk. Fauna Fl. Fenn. Förh.*, 9: 353. 1868  
[Fig. 22]

Material estudado: O Porriño, Budiño, Orbenlle, observatorios ornitolóxicos, 29TNG3061, 22 m, sobre madeira sen identificar, 2-III-2012, O. Requejo, LOU-Fungi 20932.

Observacións: Especie pouco referenciada en Galicia, apenas conta con referencias para A Coruña e Pontevedra.

***Trichia varia* (Pers.) Pers.**, *Neues Mag. Bot.*, 1: 90. 1794

Material estudado: O Porriño, Budiño, Orbenlle, piñeiral de Crisanto, 29TNG3019, 32 m, sobre cortiza sen identificar, 23-II-2013, O. Requejo, LOU-Fungi 20933.

Observacións: Especie cunha ampla distribución en Galicia.



Fig. 22. *Trichia persimilis*

Do presente catálogo resultan 26 taxa, correspondentes a 16 xéneros repartidos en 6 ordes, o que supón unha boa base para a continuación do estudo dos *myxomycetes* neste espazo e motiva novas mostraxes para ampliar este catálogo. O número de recoleccións efectuadas neste traballo, non son suficientes para unha análise fenolóxica.

*Badhamia viridescens*, con dúas recoleccións en puntos distintos, ambas sobre *Salix*, é a especie máis interesante dende o punto de vista corolóxico, xa que pode ser novidade peninsular e conta cunha escasa distribución mundial segundo o GBIF (en liña). Ademais, *Hemitrichia clavata* é novidade para Galicia e *Clastoderma debaryanum* e *Stemonitopsis typhina* son novidade provincial.

#### **AGRADECIMENTOS**

Os autores desexan agradecer a todas as persoas que colaboraron nas saídas ou aportaron material, citados no *legit* da correspondente especie, tamén ao proxecto ValoraNatura (<https://es-es.facebook.com/ValoraNatura/>) pola organización das

mostraxes de *Myxomycetes* neste entorno.

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BÁRCENA, F. 1978. *Anas crecca* especie nidificante en la Península Ibérica. *Braña*, 1: 94-107.
- D.O.C.E. 2004. Decisión de la comisión de 7 de diciembre de 2004 por la que se aprueba, de conformidad con la Directiva 92/43/CEE del Consejo, la lista de lugares de importancia comunitaria de la región biogeográfica atlántica. D.O.C.E. L 387 de 29.12.2004. 96 pp.
- JÖDICKE, R. (ed.) 1996. Faunistic data of dragonflies from Spain. *Advances in Odonatology, supplement 1*: 155-189.
- GALÁN, P., CABANA, M. & FERREIRO, R. 2010. Estado de conservación de *Pelobates cultripes* en Galicia. *Bol. Asoc. Herpetol. Esp.*, 21: 90-99.
- GBIF (en liña). *Badhamia viridescens* Meyl. In: Global Biodiversity Information Facility. **Disponible en:** [www.gbif.org/species/](http://www.gbif.org/species/) [Consultado: 27-VI-2017].
- HERNÁNDEZ-CRESPO, J.C. 2006. SIMIL, Sistema de Información Micológica Ibérica en Línea. Real Jardín Botánico de Madrid, C.S.I.C. Proyecto Flora Micológica Ibérica I-VI (1990-2008). Ministerio de Educación y Ciencia, España. <http://www.rjb.csic.es/fmi/sim.php> [Consultado: 5-IV-2014].
- LADO, C. 1991. **Catálogo comentado y síntesis corológica de los *Myxomycetes* de la Península Ibérica e Islas Baleares (1788-1990). Monografías del Real Jardín Botánico. Madrid. *Ruizia*, 9: 1-144.**
- LADO, C. 1993. Bases corológicas de Flora Micológica Ibérica. Números 376-692 *Cuad. Trab. Flora Micol. Ibér.*, 7: 1-305.
- LADO, C. & PANDO, F. 1997. *Flora Micológica Ibérica Vol. 2. Myxomycetes I. Ceratiomyxales, Echinosteliales, Liceales, Trichiales*. Eds. Real Jardín Botánico Madrid & J. Cramer.
- MARTIN, G.W. & ALEXOPOULOS, C.J. 1969. *The Myxomycetes*. Iowa. Univ. of Iowa Press.
- MORENO, G., ILLANA, C., CASTILLO, A. & GARCÍA, J.R. 2011. *Myxomycetes de Extremadura. Campiña sur*. Impresos Postalx, S.L.
- NANNENGA-BREMEKAMP, N.E. 1991. *A Guide to Temperate Myxomycetes*. Bristol. Biopress Limited.
- NEUBERT, H., NOWOTNY, W. & BAUMANN, K. 1993. *Die Myxomyceten (Band I)*. Gomaringen. Karlheinz Baumann Verlag.
- NEUBERT, H., NOWOTNY, W. & BAUMANN, K. 1995. *Die Myxomyceten (Band II)*. Gomaringen. Karlheinz Baumann Verlag.
- NEUBERT, H., NOWOTNY, W., BAUMANN, K. & MARX, H. 2000. *Die Myxomyceten (Band III)*. Gomaringen. Karlheinz Baumann Verlag.
- PÉREZ-BILBAO, A. & GARRIDO, J. 2009. Evaluación del estado de conservación de una zona LIC (Gándaras de Budiño, Red Natura 2000) usando los coleópteros acuáticos como indicadores. *Limnetica*, 28(1): 11-22.
- PÉREZ-BILBAO, A. 2010. Coleópteros acuáticos de las Gándaras de Budiño. *Boletín*

*BIGA*, 7: 7-69.

- POULAIN, M., MEYER, M. & BOZONNET, J. 2011. *Les Myxomycètes*. Fédération Mycologique et Botanique Dauphiné-Savoie. Ed. Sévriér.
- REQUEJO, O. & CASTRO, M.L. 2017. Micobiota de la ZEC Gándaras de Budiño (Pontevedra, N.O. Península Ibérica). *Guineana*, 22: 1-216.
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. & CASTRO, M.L. 2016. Catálogo de Myxomycetes en Galicia, 1952-2012 (*Protozoa*). Documento preliminar para a base de datos micológica galega MICBIOTAGALICIA.MDB. Ed. Grupo Micológico Galego. **Disponible en:** [www.mykes.es/uploads/media/default/0001/01/66e479ffc1b5b0d4acb1703a9f38f57c819cd05d.pdf](http://www.mykes.es/uploads/media/default/0001/01/66e479ffc1b5b0d4acb1703a9f38f57c819cd05d.pdf) [Consultado: 27-VI-2017].
- SILVA-PANDO, F.J., GARCÍA-MARTÍNEZ, J.R. & VALDÉS-BERMEJO, E. 1987. *Vegetación de las Gándaras de Budiño*. Diputación de Pontevedra.